



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 18 de abril de 2024, a vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica da Área Sanitaria da Coruña e Cee **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión de **ANIFROLUMAB** na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e a actualización do ditame de inclusión de **BELIMUMAB**. Polo tanto, quedan incluídos na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, os medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

ANIFROLUMAB e BELIMUMAB

na indicación de tratamento de pacientes adultos con Lupus Eritematoso Sistémico (LES) con autoanticuerpos positivos e actividade da enfermidade moderada ou grave, en combinación coa terapia convencional sempre que se cumpran todos os seguintes criterios:

- ≥ 18 anos no caso de anifrolumab, ≥ 5 anos para belimumab
- Resposta non adecuada ó tratamento convencional (antimaláricos + prednisona ou equivalente + inmunosupresores*), excepto toxicidade ou contraindicación.
- Non ter afectación neurolóxica grave.
- Non ter afectación renal grave no caso de anifrolumab.

Nos pacientes candidatos a recibir belimumab ou anifrolumab, a elección do tratamento valorarase individualmente tendo en conta a experiencia de uso, o perfil de toxicidade así como criterios de conveniencia e eficiencia.

* En LES con afectación non mucocutánea non musculoesquelética onde a terapia con inmunosupresores convencionais non parece ter eficacia, anifrolumab ou belimumab poderían considerarse primeira liña de tratamento (**Actualización CACFT abril 2024**).

Queda anulado o Ditame de " Belimumab: criterios de uso en LES" do 14 de febreiro de 2013 .

Santiago de Compostela, sinatura e data dixital

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde